

Concello de Ponteareas

RESOLUCIÓN

-Visto que por Resolución de Alcaldía número 2021-1349 de data 1 de xuño de 2021, aprobouse a convocatoria para a concesión das devanditas subvencións polo procedemento de concorrencia competitiva. A axuda económica que se conceda poderá acadar ata o 80% do investimento realizado cun límite máximo por entidade de 3.000 euros para a realización de obras e de 1.500 euros para dotación de equipamentos, ata o esgotamento do crédito a que se refire o punto anterior. As subvencións reguladas ao abeiro desta convocatoria faranse efectivas con cargo á aplicación orzamentaria 15320/7800100, ata un importe máximo dez mil euros (10.000 €), correspondente aos orzamentos xerais do concello de Ponteareas para o ano 2021.

-Visto que no BOPPO num. 106, de data 7 de xuño, foi publicado o extracto da convocatoria na cal indicaba que o prazo de presentación de solicitudes será de **20 días naturais**, contados a partir do día seguinte ao da publicación desta convocatoria no BOP de Pontevedra a través da Base de Datos Nacional de Subvencións(BDNS). Se o último día do prazo é inhábil, entenderase prorrogado ao primeiro día hábil seguinte.

-Vista a proposta da avaliación das solicitudes realizada pola Comisión de Avaliación, de acordo co establecido na convocatoria da subvención no que se concreta o resultado da mesma.

-Visto que cumpriuse con todos os trámites previos que marcan as Bases reguladoras de subvencións dirixidas ás entidades veciñais do concello de Ponteareas para o ano 2021.

RESOLVO:

PRIMEIRO: Aceptar as renuncias da Asociación Cultural Recreativa e Deportiva de Moreira co CIF G36288157 realizada con data 15/07/2021 e número de rexistro de entrada 2021- E- RE- 3686 e da Asociación Trans Miño co CIF G94196516 realizada con data 24/07/2021 e número de rexistro de entrada 2021- E- RE- 3854.

Concello de Ponteareas

Xardíns da Xiralda s/n, Ponteareas. 36860 (Pontevedra). Tfno. 986640000. Fax: 986660647



Concello de Ponteareas

SEGUNDO-Excluir as seguintes asociacións polos motivos que se detallan:

LISTAXE PROVISIONAL DE ASOCIACIÓNS EXCLUÍDAS DA SUBVENCIÓN			
ENTIDADES VECIÑAIS 2021			
C.M.V.M.C. SAN MATEO	C.C.M.M. FONTENLA	C.M.V.M.C. PONTEAREAS	A.C. SANTA MARIÑA DE PÍAS
	Precisa autorización de Patrimonio e Confederación Hidrográfica	Precisa autorización de Patrimonio, Confederación Hidrográfica e Medio rural	
EXCLUÍDO POR PRESENTAR A DOCUMENTACIÓN EN FORMATO PAPEL	NON PRESENTA AUTORIZACIÓNS	NON PRESENTA AUTORIZACIÓNS	NON SUBVENCIÓNABLE POR NON SER UNHA OBRA NIN EQUIPAMENTO
NON SUBVENCIÓNABLE	NON SUBVENCIÓNABLE	NON SUBVENCIÓNABLE	NON SUBVENCIÓNABLE

TERCEIRO:Aprobar a listaxe provisional de actuacións subvencionables coa avaliación correspondente segundo os criterios recollidos nas presentes bases por un total de **9.897,91€**, quedando un crédito sin esgotar de **102,09€**. Condicionada a comprobación de que estas asociacións figuran ó corrente coa Dirección Xeral da Axencia Tributaria de Galicia, Tesourería Xeral da Seguridade Social, Consellería competente en materia de Facenda da Xunta de Galicia e co Concello de Ponteareas.



Concello de Ponteareas

LISTAXE PUNTUACIÓN PROVISIONAL SUBVENCIÓN CONCEDIDA				
ENTIDADES VECIÑAIS 2021				
	AAVV PIÑEIRO MANSO CELEIROS	CMVMC Nogueira	CMVMC CELEIROS	CMVMC ARCOS
DATA DE REXISTRO INICAL DE ENTRADA:	21/06/21	24/06/21	18/06/21	28/06/21
1.-Nº membros de asociación:	1	3	3	3
2.-Nº Habitantes beneficiarios directos do investimento por poboación da parroquia:	5	4	4	6
3.-Obxectivo desenrolo sostible Agenda 2030: Cada obxecto 1 punto	0	0	0	0
4.-Finalidade do investimento:	ACONDICIONAMENTO DE CAMIÑO	LIMPEZA E FORMIGONADO DE PRESA DE REGADÍO	SOLICITA ARRANXO DE LAVADOIRO E FONTE	REHABILITACIÓN E ACONDICIONAMENTO DA POZA E FONTE DA ROCHA
Proxectos e actuacións para mellorar espazos públicos: 6 puntos	6	0	6	6
Actuacións mellora presas, limpeza manantiais e levadas de regadío comunitario: 4 puntos	0	4	0	0
Actuacións adecentamento de fontes, muíños, lavadoiros, cemiterios, etc: 3 puntos	0	0	3	3
TOTAL DE PUNTOS:	12	11	16	18
IMPORTE SOLICITADO CON IVA:	3.371,69 €	10.511,27 €	3.591,79 €	1.658,91 €
	0,8	0,8	0,8	0,8
80% do PPSTO	2.697,35 €	8.409,02 €	2.873,43 €	1.327,13 €
cantidade máxima	3.000,00 €	3.000,00 €	3.000,00 €	3.000,00 €
CANTIDADE SUBVENCIÓN	2.697,35 €	3.000,00 €	2.873,43 €	1.327,13 €

Concello de Ponteareas

Xardíns da Xiralda s/n, Ponteareas. 36860 (Pontevedra). Tfno. 986640000. Fax: 986660647



Concello de Ponteareas

OBSERVACIÓNS:

Para poder executar as obras subvencionadas, deberase solicitar o correspondente título habilitante de natureza urbanística, é dicir, a licenza ou comunicación previa, no Concello.

CUARTO: Notificar a presente Resolución aos interesados con indicación dos recursos que resulten procedentes según o establecido no artigo 10.7 das Bases.

QUINTO: Trasladar este acordó os departamentos de Intervención e Tesourería.

SEXTO: Ordenar a publicación da relación da baremación das solicitudes das entidades veciñais do concello de ponteareas para o ano 2021 na sede electrónica do Concello de Ponteareas, <http://ponteareas.sedelectronica.gal> e na páxina Web: www.ponteareas.gal.

RECURSOS.- Contra o presente acto administrativo, que pon fin á vía administrativa, poderá interpoñerse polos interesados, ben o recurso potestativo de reposición perante o mesmo órgano que a dictou e no prazo de un mes a contar desde o día seguinte ó da súa notificación, ao abeiro do establecido nos artigos 112.1 e 123 da Lei 39/2015, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, ou ben directamente recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Pontevedra no prazo de dous meses computados a partir do día seguinte ao da recepción da notificación, consonte co establecido nos artigos 8.1 e 46.1 da Lei 29/1998, do 13 de xullo reguladora da xurisdicción contencioso-administrativa. De interpoñerse o recurso potestativo de reposición, este deberá ser resolto e notificado no prazo de un mes segundo establece o artigo 124.2 da devandita Lei 39/2015, entendéndose desestimado o recurso de reposición polo trascurso do mencionado prazo sen resolución expresa notificada, de conformidade co establecido no artigo 24.1 da Lei 39/2015, poidendo entón os interesados interponer o recurso contencioso-administrativo dentro do prazo de seis meses contados dende o día seguinte daquel no que deba entenderse presuntamente desestimado o recurso de reposición interposto, consorte ó establecido no artigo 46.1) e 4) da Lei 29/1998, regulamentadora da xurisdicción contenciosa administrativa. Non obstante, tamén se poderá interpoñer calquera outro recurso que os interesados estimen procedentes consonte co Dereito.



Concello de Ponteareas

O Concelleiro de Facenda, delegado por Decreto 2021-1369 de data 2 de xuño de 2021,

D. Francisco Alonso Pedreira
(Documento asinado electronicamente)

